

FOMENTO DO EMPRENDIMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL [2026]

PROGRAMA I. FOMENTO DO EMPREGO EN COOP. E SOC. LABORAIS

Apoio o emprendemento en economía social e establecemento de incentivos para o fomento da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais



- » Cooperativas e sociedades laborais que incorporen como persoas socias traballadoras ou de traballo con carácter indefinido, en centros de traballo situados en Galicia, a:
 - Persoas que no momento da incorporación sexan **desempregadas inscritas como demandantes de emprego**.
 - Persoas que no momento da súa incorporación estean **vinculadas á cooperativa ou sociedade laboral por un contrato de traballo fixo discontinuo**.
 - Persoas que **no momento da súa incorporación sexan socias a proba** da cooperativa a que se incorporan, sempre que estivesen **desempregadas e inscritas como demandantes no momento de incorporarse como tales** persoas socias a proba.
 - Persoas que no momento da súa incorporación sexan **persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral**, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada.

A incorporación **deberá supoñer incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo indefinidas** da cooperativa ou sociedade laboral beneficiaria da subvención, **respecto á media dos últimos doce meses anteriores** á incorporación dos novos socios e socias por quen se percibe a subvención.

- » Cooperativas e sociedades laborais que incorporen **en centros de traballo de Galicia**, como **persoas socias traballadoras ou de traballo a proba**, persoas **menores de 30 anos** (ou menores de 35 anos cando se trate de persoas con discapacidade) que no momento da incorporación estean **desempregadas e inscritas como demandantes** de emprego.

A incorporación poderá ser a **xornada completa ou a tempo parcial**. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, deberá comprender **como mínimo o 50 % da xornada ordinaria**. Admitirase a incorporación en **condición de persoa fixa discontinua**, sempre que a ocupación acade **como mínimo o 50 % da xornada de traballo anual**.

FOMENTO DO EMPRENDEMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL [2026]

PROGRAMA I. FOMENTO DO EMPREGO EN COOP. E SOC. LABORAIS



Intensidade dos incentivos

Por cada persoa que se incorpore con carácter indefinido e a xornada completa

6.000 €*

Mozo ou moza incorporada como persoa socia traballadora ou de traballo a proba

600 €/mes*
entre 6 e 12 meses

Data límite de xustificación:

30/10/2026

+ 25 %

Acumulables por colectivos

Contía máxima por entidade beneficiaria

67.500 €

- Muller.
- Persoa discapacitada.
- En situación ou risco de exclusión social.
- Discapacidade con especiais dificultades para a inserción que cumpra as condicións previstas na orde.
- Maior de 45.
- Emigrante retornada.
- Persoa trans.
- Centro de traballo ao que se incorpora a persoa en concello rural.
- Cooperativa xuvenil.
- Entidade de nova creación constituída inicialmente con catro ou máis persoas socias traballadoras.

* Cando a dedicación sexa a tempo parcial ou como fixo discontinuo, a contía máxima reducirase ao 50 %.



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- » Manter polo menos durante un período de 3 anos desde a data da resolución de concesión unha **forma xurídica de entre as elixibles** para resultaren beneficiarias da subvención concedida, así como a **actividade empresarial**.
- » Manter o incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo indefinidas da cooperativa ou sociedade laboral beneficiaria da subvención, **respecto á media dos últimos 12 meses anteriores á incorporación** dos novos socios e socias por quen se percibe a subvención polo menos durante **un período de 3 anos** desde a data de incorporación das novas persoas socias traballadoras ou de traballo.
- » No caso de **subvencións por incorporación como persoa socia traballadora ou de traballo con carácter indefinido**, manter a persoa pola cal se concede a subvención, como mínimo, nas mesmas condicións en que se outorgou a subvención **polo menos durante 2 anos** desde a súa incorporación.
- » No caso de **subvencións por incorporación como persoa socia a proba**, manter a persoa incorporada, **como mínimo, polo tempo subvencionado**.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]



Máis información



012